

O galego en Ferrol: a historia

LAURA TATO FONTAÍÑA

Antes de nada, coido que debo explicar a miña presenza nestas xornadas, porque imaxino que se estarán preguntando cales son as razóns por que unha especialista en historia do teatro foi convidada a dar unha conferencia sobre o emprego histórico da lingua na cidade de Ferrol. Nunha consideración superficial podería parecer que a relación entre teatro e lingua non ten por que ser diferente á da lingua coa novela ou coa poesía, mais si que o é. O teatro non é unicamente un xénero literario. O texto literario é só unha parte dentro dun fenómeno moito máis complexo, que involucra, non só un/unha escritor/a e uns/unhas lectores/as, como os outros xéneros, senón que implica sectores da sociedade moito máis amplos e complexos: actores, empresariado, público... Non é, tampouco, un produto artístico que se poida gozar na soidade da casa, senón en colectividade e, ademais, non require unha formación previa no espectador, pode ser entendido, e celebrado, por un público analfabeto, porque o seu vehículo de comunicación é a lingua falada, non a escrita. Esta enorme capacidade do teatro para se transformar nunha plataforma de transmisión do que quer que for é o que explica e xustifica que, en todos os tempos e lugares, o poder establecido procurase mantelo baixo control. Explicao moi claramente Francisco Pillado:

Reunir a un grupo de persoas nun local cerrado, conseguir fixar a súa atención nun reducido espácio luminoso no que se está a representar un aspecto da vida, xeralmente tinxido de fortes paixóns, constitui unha nada desdeñábel oportunidade para filtrar un discurso ideolóxico ou para 'alerar' sobre unha situación determinada¹.

¹ Cf. F. Pillado Mayor, *O teatro de Manuel Lugris Freire*, Edicións do Castro, Sada (A Coruña), 1991, p. 43.

Como é lóxico, esa capacidade de transmisión e comunicación foi o que o transformou tamén en obxecto de cobiza para as Irmandades da Fala, porque tiña, sobre os outros xéneros literarios, o valor engadido de que podía chegar a un público máis amplo. De aí que, para investigarmos a historia do teatro, teñamos que estudar tamén a historia dos usos lingüísticos. Velái a razón da miña presenza nesta mesa.

En Ferrol, igual que na Coruña, repítese, non sei se con sinceridade ou non, que é a cidade galega en que menos galego se fala. Talvez sexa unha crenza que traen os ventos do norte, o nordés e mais o lestiño, ou, máis probabelmente, un deses argumentos que tranquilizan conciencias, porque o enorme continxente obreiro que tivo sempre esta cidade, que naceu arredor, non só do exército español, senón sobre todo dos estaleiros, non apoia precisamente a teoría de masas español falantes. Ninguén vai discutir que, historicamente, o galego foi a lingua dos traballadores, das clases máis desposuídas, porque se o fose da burguesía, outra sería a súa situación actual. De feito, o que nos interesa é saber en que medida houbo nesta cidade algunha/s organización/s, grupo/s ou mesmo persoeiros que se ocupasen da lingua no sentido de ampliar os seus usos e funcións, de tirala da súa situación de lingua doméstica e ágrafa e, sobre todo, de romper coa diglosia.

A este respecto, a historia demostra que Ferrol contou, desde comezos do século XX, cun grupo de persoas que traballaron arreo pola normalización lingüística en todos os seus aspectos. Así, esta foi a primeira cidade en que unha empresa de espectáculos considerou que se podía arriscar a traer durante dous días seguidos a única compañía que, daquela, representaba teatro galego. Estamos a falar da Escola Rexional de Declamación da Coruña, que baixo a dirección de Manuel LUGRÍS Freire e Bernardo JAMBRINA, en marzo de 1904, actuou no Teatro Xofre cun notábel éxito. Tamén foi esta cidade a que acolleu a Eduardo SÁNCHEZ MIÑO, fundador da antedita Escola Rexional, cando, unha vez instalado en Ferrol, creou, en 1908, a Escola Dramática Gallega; que en 1911 seguía a ensaiar no Teatro Romea, e que, en 1913, puña á venda os abonos para unha temporada, no mesmo Teatro Xofre, en que se anunciaba o mellor do teatro galego da altura:

A fonte do xuramento, primeira obra gallega, estrenada en la Coruña en 1882, en verso, y original del distinguido vate Francisco M^a de la Iglesia; *A ponte, Mareiras, Minia y Escravitú* del inspirado y enxebre poeta LUGRÍS Freire de Andrade; *Rentar de Castromil* del distinguido y galano poeta Martelo y Paumán del Nero; *¡Filla...!* del culto periodista y también poeta, Galo Salinas; *A patria do labrego* del notable escritor Villar Ponte, y *Terra Baixa* traducida por el mismo del catalán, *Unha noite no moiño* y *¡A roin feira...!* del director de la ‘Escola’, y otras varias de distinguidos escritores gallegos².

² Cf. «Decisión pausable», *El Correo Gallego*, Ferrol, 11.11.1913.

Na Escola Dramática Galega de Eduardo Sánchez Miño formáronse dous dramaturgos paradigmáticos, tanto pola súa popularidade como pola singularidade da súa extracción social: Euxenio Charlón e Manuel Sánchez Hermida, traballadores da Maestranza³, actores e dous dos membros máis activos da Irmandade da Fala local. A súa obra encheu toda unha época do teatro galego –sobre todo pola peza titulada *Mal de moitos*⁴, en que ridiculizaban os que abandonaban o uso da lingua ou se avergoñaban dela–, e foron os protagonistas indiscutíbeis do teatro que facían os coros populares. Dificilmente podería manterse e explicarse toda esta actividade sen un mínimo de público galego-falante.

Mais que o galego fose a lingua das clases populares non é característico desta cidade nin ten nada de extraordinario e o que interesa, como xa indicamos, é ver en que medida Ferrol contou cun/s grupo/s de persoas dentro das clases dirixentes, ou cando menos, na pequena burguesía, que estivesen dispostos a reivindicar a lingua. Non debemos esquecer que esta comarca tivo un destacado papel nos movementos agraristas, estaba na área de influencia de Solidaridad Gallega e, en Cervás (Ares), nacera a primeira sociedade de labregos da provincia, en 1899. Había, por tanto, unha corrente de pensamento, cando menos, próxima ao rexionalismo que, no cultural, acabou manifestándose na organización dun coro popular, cuxos preparativos comezaran xa en 1911, desde a *rondalla* ‘Airiños da Terra’, e que se materializaron en 1915, coa presentación ao público de ‘Toxos e Froles’; e que, no político, se manifestou nos fracasados intentos de crear unha sección local das Irmandades da Fala; intentos que provocaban na prensa local descualificacións tales como a afirmación de que intentar que o galego fose unha lingua de cultura era «sentar plaza de imbécil e ignorante», que había que evitar contemplar as «jerigonzas locais» e, sobre todo, que:

No es Ferrol lugar a propósito para que fructifiquen esas semillas regionalistas⁵.

Varias foron as visitas que unha delegación da Irmandade da Coruña realizou a esta cidade, convidados por homes vinculados a ‘Airiños da Terra’, á ‘Liga Popular Ferrolana’, á desaparecida ‘Solidaridad Gallega’, ao coro popular ‘Toxos e Froles’..., mais houbo que agardar a que se instalase en Ferrol un foráneo, Xaime Quintanilla, que xa estivera integrado na Irmandade da Fala de Compostela para que, por fin, os «enxebres» ferroláns superasen a presión social e fundasen a Irmandade local. Esta ficou constituída o 15 de abril de 1917 e, desde decembro do mesmo ano, contou con local propio no centro da vila e cunha publicación, *Galicia*, que se ben nos primeiros números levou como subtítulo *Boletín Rexionalista*, a partir de xaneiro de 1918, no número seis, aparecería xa

³ A Maestranza era o nome co que se designaban os estaleiros, actual Navantía. Canto ao oficio de Euxenio Charlón e Manuel Sánchez Hermida non está moi claro se eran carpinteiros de ribeira ou ebanistas.

⁴ A primeira edición é de 1915, a segunda de 1921, ambas en Ferrol.

⁵ Cf. J. Herrero, «La cultura en entredicho», *El Correo Gallego*, Ferrol, 8.6.1916.

como *Orgo da Irmandade da Fala*. A composición do seu Consello foi interclasista: conselleiro primeiro, Xaime Quintanilla, médico; conselleiro segundo, Xoán García Niebla, mestre; secretario-contador, Euxenio Charlón, traballador da Maestranza; tesoureiro, Francisco Cabo Pastor, médico. Os dous últimos estiveran xa moi ligados aos movementos agraristas.

Este grupo da Irmandade de Ferrol tivo unha grande influencia no desenvolvemento do teatro galego, pois aquí realizaron o seu labor como dramaturgos, actores e/ou directores de escena, Xaime Quintanilla, Euxenio Charlón e Manuel Sánchez Hermida, Manuel Comellas Coímbra, Nicolás García Pereira, Luís Amor Soto, Emiliano Balás... En 1922, coincidindo coa estada na cidade de Ramón Vilar Ponte como director do xornal *El Correo Gallego*, volveron recuperar o *Boletín Mensual da Irmandade da Fala do Ferrol*, e fixeron o que sería o primeiro intento de creación dunha editora nacional coa Editorial Céltiga, que ademais da colección de novela curta que leva o seu nome, publicou varias pezas dramáticas: *Alén*, de Xaime Quintanilla (1921); *Mal de moitos. Trato a cegas*, de Euxenio Charlón e Manuel Sánchez Hermida (1921); *Trebón*, de Armando Cotarelo Valledor (1923); e mais un ensaio político: *Doutrina Nazonalista*, de Ramón Vilar Ponte (1921).

A colección de novela curta tivo dous obxectivos: crear un público lector e modernizar a narrativa. Para conseguir o primeiro publicaron barato e atractivo para o que contaron coa colaboración dos mellores artistas plásticos do momento: D. A. Castelao, C. Díaz Baliño, I. Corral, A. Cebreiro e F. Lamas. Esta combinación de artes plásticas e literatura era propia das publicacións modernistas portuguesas e vangardistas galegas e españolas. Tanto os colaboradores plásticos como os literarios foron ampliando o seu número a medida que a publicación se afianzaba. Saíu con carácter mensual e, practicamente, debeu manter esta periodicidade durante o primeiro ano. Desapareceu coa ditadura de Primo de Rivera, no outono de 1923⁶.

Nesta colección apareceron algunhas das propostas temáticas máis novas da altura, por exemplo, o neoceltismo, predicado por Vicente Risco e sublimado por Ramón Cabanillas nas sagas artúricas que conforman *Na noite estrelecida*. Para potencialo, no segundo volume de *Céltiga*, publicaran unha tradución da lenda irlandesa *Os catro cisnes brancos*, cunha «Nota dos editores» que clamaba pola recuperación das raíces celtas. Cando saíu do prelo *Un ollo de vidro*, de Castelao, no número sete de *Céltiga*, o humor negro e o elemento macabro foron presentados como propios dos primitivos flamengos e, por tanto, como características de seu do Norte atlántico, da Idade Media e dos galegos, fronte ao mundo clásico Mediterráneo característico de Castela. No ronsel dos primitivos flamengos estaría tamén o mellor conto de Euxenio Montes, *Como na parábola de Peter*

⁶ Vid. unha información máis completa sobre *Céltiga* en L. Tato Fontaíña, «A emerxencia do discurso narrativo: das coleccións de novela curta ao romance», en M^a A. Tavares Maleval e F. Salinas Portugal (orgs.), *Estudo Galego-Brasileiros*, Editora H. P. Comunicação, Rio de Janeiro, pp. 193-218.

Breughel, incluído no número dez de *Céltiga*. Tamén se potenciou a utilización das lendas, mitos e tradicións galegas, no caderno número once, con *A Santa Compañía*, de Roberto Novoa Santos. Canto a novas técnicas narrativas imos limitarnos a citar dous exemplos, o focamento de cámara fotográfica, obxectivo, apareceu nos tres contos de Evaristo Correa Calderón recollidos en *Luar (Contos galaicos)*; e a novela impresionista, coa disolución da intriga que comporta e a súa aproximación ao campo da poesía, tivo o primeiro modelo en *Saudade*, de Xaime Quintanilla, coa que abriron *Céltiga*.

Non se pode esquecer tampouco o labor realizado por Xaime Quintanilla mentres presidiu o coro popular ‘Toxos e Froles’, xa que durante a súa presidencia as actas pasaron a ser redixidas en galego e a agrupación sufriu unha renovación en profundidade que comezou por admitir elementos femininos e seguiu por certa actualización estética tanto no musical como no dramático; aínda que esa renovación non foi todo o completa que desexaría Quintanilla, que presentou a dimisión en maio de 1923. Tampouco foi ‘Toxos e Froles’ o único coro popular da cidade, pois en 1924 presentábase ao público outro coro, ‘Ecos da Terra’, de tendencia ideolóxica moito máis progresista. Este sería o novo ámbito do teatro de Charlón e Hermida, que abandonaran ‘Toxos e Froles’ xa en 1921, por mor dunha homenaxe aos caídos en Cuba⁷. O labor de ‘Ecos’ non resulta doada de seguir porque, ademais de que o coro «oficial» era ‘Toxos’, cando se produciu a sublevación fascista, os integrantes de ‘Ecos da Terra’ foron perseguidos e, algúns deles, masacrados. As súas pertenzas foron saqueadas e algunhas pasaron ao poder de ‘Toxos e Froles’, daquela presidido por un falanxista.

Na primeira agrupación nacionalista de Ferrol, a Irmandade, contouse con figuras de grande relevancia, que coidaban traballar nun ambiente máis hostil do que noutras localidades, e este fenómeno volveu repetirse durante a II República, pois o grupo local do Partido Galeguista, constituído en agosto de 1932 baixo a presidencia de Nicolás García Pereira, na III Asemblea, celebrada en Ourense en 1934, reclamaba que a seguinte fose organizada en Ferrol para compensar o maltrato que recibían na cidade:

Ferrol reclámaa. O delegado de Ferrol explica a laboura de aquel Grupo nun ambiente hostil que o fai acreedor á honra de acoller alí a nosa Asambreira⁸.

Este fenómeno, fose obxectivo ou non, vén sendo o correlato á afirmación actual de que aquí se fala menos galego do que noutras cidades, e quizais o puidesemos atribuír ao elemento militar, tan notorio noutras épocas da historia. Desde logo, durante a ditadura de Primo de Rivera, os titulares de prensa ferrolá non deixaron moita esperanza para os nacionalismos periféricos e resultaron a este respecto moito máis agresivos do que a pren-

⁷ Para máis información sobre este episodio, a Irmandade da Fala de Ferrol e/ou os coros da cidade, vid. L. Tato Fontañá, *Teatro e Nacionalismo. Ferrol 1915-1936*, Laiovento, Compostela, 1995.

⁸ Cf. «A III Asambreira Anual do Partido Galeguista», *A Nosa Terra*, Santiago, 28.1.1934.

sa doutros lugares. Como mostra podemos citar o titular de *El Correo Gallego*, correspondente ao 20 de setembro de 1923:

La única bandera será la española y no se hablará otra lengua que la nacional.

Non podemos acabar esta conferencia sen lembrar, aínda que sexa a correr, o enorme labor desenvolvido por Ricardo Carvalho Calero, tanto con anterioridade á sublevación fascista como despois. Desde a súa participación na revista *Aturuxo* (1952-1960), até o seu labor individual como autor da monumental *Historia da literatura galega contemporánea (1808-1936)*⁹, ou da, na súa época imprescindible, *Gramática elemental del gallego común*¹⁰, con que tantos e tantas galegas puideron coñecer, e recuperar, a lingua de seu.

⁹ A primeira edición foi publicada en 1963; a segunda, corrixida e ampliada, en 1973; a terceira, en 1981.

¹⁰ A primeira edición foi publicada en 1966. Tivo outras seis máis.